

Editores artesáns

Dos libros na era dixital

JOAQUIM VENTURA

A recente morte de Jaume Vallcorba, o editor catalán impulsor dos selos Quaderns Crema, en catalán, e Acantilado (co antecedente de Sirmio), en castelán, preséntase como ocasión tristemente inelaborable para reflexionar sobre o oficio de editor nos nosos tempos. Cómpre lembrar aqueles editores unipersoais, hoxe desaparecidos, que souberon resistir as limitacións impostas pola aculturación franquista, entre outros Josep Janés, Carlos Barral ou José Batlló (editor da colección de poesía El Bardo), en Barcelona; Francesc de Borja Moll, en Mallorca; Xosé María Álvarez Blázquez (coa Editorial Monterrey).

Non se trata tanto do editor empresario, accionista en parte ou de todo, que tanto publica libros como revistas, coleccións audiovisuais, na liña do que foi José Manuel Lara con Planeta, ou dos gran-

des grupos de comunicación, sometidos aos vaivéns do mercado. Estamos a falar do editor singular, que diseña as coleccións de maneira unitaria, dándolles un valor engadido que por eles mesmos constitúen unha garantía para o lector.

Editores singulares que non publican calquera cousa nin de calquera maneira senón que procuran unha imaxe de deseño particular, de tipografías coidadas e papel de calidade contrastada, datos que figuran no exemplar como se dunha receita de medicamentos se tratase. E se temos que procurar editores deste gremio temos que acudir a eses ourives da edición como é Jacobo Fitz-James Stuart, con Siruela, ou como foi Jaume Vallcorba.

Pero Vallcorba, editor valente, puña a calidade literaria e a vontade de acordar o interese do lec-

tor por riba da ideoloxía. E así non tivo melindres para editar a Pierre Drieu La Rochelle, Albert Speer ou Eugeni(o) d'Ors entre os conservadores, ou as memorias do activista e xornalista comunista Iliá Ehrenburg. Sen esquecer que outra das filias de Vallcorba era a literatura portuguesa, ben representada polas novelas policiais de


Fernando Pessoa, Ramalho Ortigão, Vergílio Ferreira ou Pedro Vaz de Caminha.

O lector que se achega ás coleccións destes editores sabe que, sexa cal sexa a súa elección, o produto adquirido non o vai defraudar e que vai ser unha vía, imprescindible sen dúbida, para coñecer como foron os tempos pasados en terras que non sempre podemos coñecer ben porque quedamos na epiderme do turismo.

Neste senso, e a propósito da herdanza deixada polo editor catalán, Sandra Ollo, a súa viúva e nova propietaria de Quaderns Crema e Acantilado, confesaba recentemente que se algo aprendeu do seu marido foi o valor da tarefa ben feita e nese senso aposta pola continuidade en continente e en contido: calidade en canto o segundo e negación de calquera estridencia en canto ao primeiro. Equilibrio entre algunhas novidades cuxa permanencia no catálogo lles asegura que no envellezan e obras clásicas e ensaios rigorosos pero de divulgación, sen contundencia academicista.



Libros artesáns: todo un galano.



Un dos títulos de Siruela



O editor catalán Jaume Vallcorba (1949-2014).

Os editores que conciben o libro como un obxecto dotado de personalidade de seu vense máis como promotores culturais que como simples empresarios. Necesariamente, teñen posuír non so o olfacto necesario para que o negocio sexa un éxito senón tamén unha ampla erudición que non sempre lla dan os asesores en nómina. E non por iso se trata duns tipos raros que tiran do prelo obras de consumo minoritario ou para simple investimento por parte de bibliófilos ou especuladores.

Pero tamén son unha boa vacina contra a

edición de usar e botar ou contra a superficialidade uniforme dos libros electrónicos. Non. Así, en Siruela podemos atopar desde

Ourives do catálogo

Chrétien de Troyes a sir Thomas Mallory, pasando por C. Lyspector ou o galego D. Villar. Do mesmo xeito, nos dous selos fundados

por Vallcorba (para el un editor era o seu catálogo) temos a imprescindibles das letras catalás de hoxe (Monzó, Pàmies, Comadira ou Torrent) ou clásicos como Riquer, Eiximenis, Batllori ou Foix.

E na serie en castelán, Bolaño, Cercas, Crespo ou Rico. Ao seu carón, as traducións editadas por Vallcorba serían algo así como unha breve historia da literatura universal, con especial preferencia polos escritores centroeu-
ropeos, desde Zweig a Roth pasando por Döblin ou Kertész. A foto destes editores é candense catálogo

*O lector sabe
sempre que o
produto adquirido
non o defraudará*

Estes editores, na medida en que teñen que asegurar a continuidade do negocio, precisan gañar a fidelidade dos lectores. Conseguir que cando estes mercan un libro seu teñan a garantía de que non vai quedar morto nos alzádeiros particulares nin vai ser futuro obxecto de venda a saldo ou de bookcrossing. Incluso que o seu conxunto aporte un punto de harmonía no particular estudo, tanto externa como de admiración por parte dos coñecidos.

Editores que planifican coidadosamente a saída do prelo dos libros que publican, procurando a compra de dereitos –cando os hai– ou renovando traducións desde a lingua orixinal despois daqueles anos de miseria das versións interpostas, as máis das veces desde o francés. Vantaxes da globalización, hoxe dispoñemos de bos tradutores de linguas ata hai pouco ignotas para nós como o checo, o albanés, o húngaro ou o serbocroata.